<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto (participantes e situación), organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación e dereitos de autoría. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.

Contidos

- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a sexto de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias;etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, con testar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpira cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repazos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Utilizar as tablets ou as grabadoras do centro como materiais para as grabacións das exposicións orais do alumnado.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.
- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA-Edixgal)
Activity Book KIDS CAN 6
App Navio
Páxinas web de xogos online
Historias e contos publicados na rede
Xogos de mesa
Libros de lectura
Revista " I love English Junior"
Fichas online: Liveworksheets
Ferramentas de elaboración de materiais funxibles
Actividades DUA
Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar

Exemplos dos materiais citados anteriormente son os que seguen:

1- Páxinas web de xogos online: British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org> Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/> <https://www.eslgamesplus.com/> Types of games: -Memory -Drag it. -Simon says -Match it. -Guess it. -Whats missing?. -www.singingsongs.com Dialogues & songs.

2- Historias e contos publicados na rede: "The selfish giant": <https://youtu.be/M8MFW2qG79s>.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado) + De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas: adiviñar a tarxeta; memory game; facer parellas + De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar: - Snakes and ladders. - Noughts and crosses. - Trivial. - Scrabble - Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí: + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota, + xogos de rol, + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números, + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos. Algúns son os que seguen: Colección "Pirate Patch" de Rose Impey. Colección "Kika Superwitch" e "Kika Superwitch and Dany" de Knister con axudas á lectura e vocabulario en cada páxina.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra. Por exemplo: + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais - Genially: <https://genial.ly/why-genially> + Canva: https://www.canva.com/es_419/ + Liveworksheets: [https://es.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(ESL\)/](https://es.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(ESL)/) + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

9- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

10-Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronuncianción, escoita, comprensión oral e fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar. Faranse diversos xogos individuais e en grupo para comprobar os coñecementos previos do grupo en xeral e de cada alumno en particular. Tamén se pasará unha pequena avaliación que consistirá fundamentalmente en listenings e algún Reading e Writing; para comprobar os coñecementos previos cos que conta o alumnado. A continuación repasaranse aqueles contidos que presenten máis dificultade e realizaranse xogos e actividades grupais de reforzo, e prestarase especial atención a aqueles alumnos/as que presenten máis dificultades e as comunicacións coas súas familias será máis frecuente que có resto do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	30	36	36	35
Táboa de indicadores	70	64	64	65

Criterios de cualificación:

Os pesos outorgados aos criterios de avaliación ao longo da programación teñen en conta os criterios de cualificación recollidos na Concreción Curricular de centro do seguinte xeito para este nivel:

Deseño competencial: 75% da área

Actitude e competencia: 25% da área

Os criterios de avaliación recollidos no primeiro bloque (Desempeño competencial) son os referidos ó Bloque de Comunicación, son nos que se traballa o desenvolvemento competencial a través da resolución de actividades completas e contextualizadas, resolvendo problemas asociados aos aprendizaxes da área. Mentres que os criterios de avaliación recollidos no segundo bloque (Actitude e convivencia) son os referidos ós Bloques de Plurilingüismo e Interculturalidade, non é un bloque referido ao comportamento e/ou conductas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia, senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interese, participación..., observable en comportamentos como "Actuar con respecto...", "Recoñecer e apreciar a diversidade...", "...apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística..."...que están recollidas nos criterios do currículo.

A cualificación realízase a través das evidencias escritas do alumnado, probas escritas e orais (grabacións de audio e/ou vídeos do propio alumnado utilizando as tablets e/ou grabadoras do centro, ou nos propios ordenadores de Edixgal) e a análise do proceso a través de rúbricas e escalas de estimación. Tamén se incluírá a avaliación da aprendizaxe cooperativa, tendo en conta as responsabilidades individuais e grupais asumidas a través dos plans de equipo. A cualificación positiva da área está condicionada a unha cualificación igual ou maior de 5 na avaliación ordinaria, tendo en conta os criterios de cualificación ao longo de toda a programación.

Criterios de recuperación:

En caso de promocionar á ESO cunha cualificación negativa da área, considerarase que o alumnado recupera as aprendizaxes desta programación no momento en que teña superada a área no seguinte curso. Isto se debe á construción curricular da área, na que os criterios de avaliación do seguinte curso engloban os anteriores de xeito que a súa superación supón adquirida as aprendizaxes anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Seguindo a Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, nesta programación desenvolveranse diferentes medidas de atención á diversidade:

-Medidas ordinarias:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

-Medidas extraordinarias:

-A. O apoio do profesorado especialista en PT non coincide nas sesións desta área, aínda que si atende ó alumnado NEAE do grupo. As medidas ordinarias levaranse a cabo a través do propio deseño da programación e das situacións concretas de aprendizaxe. Neste senso, as decisións metodolóxicas e o emprego dos recursos didácticos son fundamentais para a atención á diversidade.

Todas estas decisións están baseadas nos principios do DUA como enfoque que permite deseñar contextos de aprendizaxe personalizados no que todo o alumnado sexa capaz de aprender e nas que as súas características teñan acollida. Estes principios son:

1. Proporcionar múltiples medios de presentación da información.
2. Proporcionar múltiples medios de acción e representación.
3. Proporcionar múltiples formas de implicación. No conxunto do alumnado contamos con alumnado que presenta dislexia e dificultades de aprendizaxe.

Dentro deste horario contamos con horas de apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Este apoios serán realizados dentro da aula, sendo posible valorar co Departamento de Orientación a necesidade de modificado en función das necesidades.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade e DCC, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para atender ao principio de individualización e o principio de igualdade de oportunidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a Paz: A importancia de respectar os costumes de todos os países	X	X	X
ET.2 - Educación para o Consumidor: A importancia de usar Internet con seguridade	X		
ET.3 - Educación para a saúde: A importancia de practicar deporte/hobbies	X		
ET.4 - Educación ambiental: A importancia de protexer o medio ambiente.		X	
ET.5 - Educación para o Lecer: A importancia de gozar de actividades de lecer, como ver películas ou ir ao cinema.			X
ET.6 - - Educación para a Igualdade de xénero: A importancia de comprender que tanto homes como mulleres poden desempeñar os mesmos tipos de traballos			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving, World Music Day, ...	X	X	X
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe	X	X	X
Visitas ao centro	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das UD foi adecuada ás características do alumnado.
Os criterios de avaliación de cada UD foron acordes para o logro efectivo por parte do alumnado.
A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi axeitada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado.
Metodoloxía empregada
Os contidos de cada UD foron acordes para o logro efectivo por parte do alumnado.
Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado.
A metodoloxía empregada promoveu a participación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados e acordes ás situacións de aprendizaxe deseñadas.
A dixitalización está presente na procura de información e na realización de actividades.
Medidas de atención á diversidade
O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das UD.
O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de acción e representación) respectouse ao longo das UD.
O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de implicación) respectouse ao longo das UD.
A atención á diversidade tívose en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de intervención educativa.
As medidas de atención necesarias adaptáronse de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas en cada momento.

Clima de traballo na aula
As interaccións entre o alumnado foron axeitadas contribuíndo á construción das aprendizaxes.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación co profesorado de apoio con horas de dispoñibilidade horaria foi adecuada e efectiva.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral nas avaliacións parciais para a comprobación dos indicadores de logro. De cara a reflectir a comunicación da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á reunión de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través das sesións de avaliación establecidas polo centro, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante da que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

O equipo docente reunírase nunha sesión de avaliación inicial a comezos de curso, según se recolle na ORDE do 26 de maio de 2023, que desenvolve o Decreto 155/2022, e no calendario escolar na Orde 3 de maio de 2023.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023: O Art.9.5. recolle que "O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora". En base a información obtida en dita orde, este seguimento será analizado e valorado polo equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión. Ademais, a través da programación de aula deseñaranse actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento.

Este deseño e desenvolvemento permitirá facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados e nelas farase unha análise do desenvolvemento efectivo, recollendo as modificacións e adaptando o proceso de aprendizaxe á realidade en cada momento nas aulas. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de outros recursos.

Neste mesmo contexto o Art.9.6 recolle que: "Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da Inspección educativa".

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos: 1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.

- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non). A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados